

## A Cámara informa ao comercio sobre posibles accións e estratexias ante a crise

**Ferrol. 07/05/2009.** Co obxectivo de presentar as posibles medidas que os comerciantes poden adoptar para afrontar a actual situación económica e paliar os seus efectos, a Cámara de Comercio de Ferrol programou a xornada informativa *O pequeno comercio ante a crise: estratexias e actuacións*, que se celebrará o vindeiro xoves, 14 de maio.

Os relatorios correrán a cargo de consultores da firma OBZ Formación e Recursos Humanos que, tras unha introdución sobre o actual escenario económico e as perspectivas de futuro, abordarán cuestións como a análise e redución de custos ou a revisión e axustes na gama de produtos.

Tamén se exporán posibles accións comerciais que se poden implementar, que van desde as promocións ata a política de prezos, o merchandising ou a innovación. Finalmente, farase referencia á posibilidade de acceder a axudas e subvencións oficiais para os establecementos comerciantes polo miúdo.

A asistencia a esta xornada —que se desenvolverá, a partir das 20.30 h nas dependencias da Cámara, na Malata— é gratuíta previa inscrición. Ademais, entregarase aos participantes documentación relacionada cos contidos que se van tratar.

As persoas interesadas en asistir a esta sesión deberán inscribirse no departamento de formación da Cámara (Tel. 981 333165.Ext. 2).

